Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 26 de maio de dous mil seis ás 16:30 horas en primeira convocatoria e ás 17:00 horas en segunda.

**LISTA DE ASISTENTES**

Dª .Margarita Estévez Toranzo
Dª.Mª Teresa Iglesias Randulfe
Dª.Nuria Andión Rodríguez
D. David Basalo Domínguez
D. Federico Fernández Fernández
D.Juan Pablo Hervés Beloso
D. Francisco X. Lores Ínsua
D. Javier Rodeiro Iglesias

DESCULPA ASISTENCIA

D. Juan Carlos Prado Prado

O venres, día **26 de maio de 2006**, ás 17:00 horas, na Sala de Xuntas reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 4 de maio de 2006.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións a Reitor, Claustro Universitario e representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva dos resultados en cada unha das eleccións.
3. Rogos e preguntas.
4. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 26 de maio de 2006.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 4 de maio de 2006.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións a Reitor, Claustro Universitario e representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva dos resultados en cada unha das eleccións.

A secretaria da Comisión Electoral informa de que hai unha reclamación ás eleccións a Claustro Universitario presentada polo alumno da Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial D. Álvaro Giménez de Cal na que solicita que tendo quedado prazas vacantes de estudantes ao Claustro Universitario e dado que no seu centro houbo un empate entre dous alumnos e un deles quedou fóra, se admita a ambos candidatos como representantes.

A Comisión electoral desestimou por unanimidade a devandita solicitude tendo en conta o artigo 8.1 do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario (ver Anexo I).

Así mesmo informa dun escrito presentado polo alumno D. J. Ángel Álvarez Moreira que unha vez analizado pola Comisión Electoral fíxose constar a conveniencia de que en futuras convocatorias se tomen medidas que contribúan a garantir a liberdade de voto (ver Anexo I).

Unha vez resoltas as reclamacións a proclamación provisional de candidatos correspondente a cada unha das eleccións pasou a ser definitiva. (Anexos III, IV e V)

**Punto 3.-** Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 26 de maio de 2006.

Apróbase por asentimento a acta da sesión do 26 de maio de 2006.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:35 horas do día 26 de maio de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace da Presidenta da Comisión Electoral.

| | |
|---|---|
| A Presidenta da Comisión Electoral | A Secretaria da Comisión Electoral |
| Margarita Estévez Toranzo | Mª Teresa Iglesias Randulfe |